




XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral para o Deporte

Estadio Multiusos de San Lázaro
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tfno.: 981 542 601/02 - Fax: 981 542 636

ASUNTO: BORRADOR DO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E O CONCELLO DE A LARACHA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE FUTBOL E VESTIARIOS EN CAION


Remíttolle o BORRADOR do posible convenio para a súa análise e estudo polo concello



Santiago a 27 de decembro de 2010
 O Secretario Xeral para o Deporte



José Ramón Leite Lasa



NOTA: Para calquera dúbida poden chamar a Rafael García Bello 981 54 26 48, ou a Roberto Santaballa Álvarez 981 54 26 25, fax: 981.54.26.39.
 e-mail: rafael.garcia.bello@xunta.es
rafael.garcia.bello@gmail.com

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA LARACHA
 Praza do Concello, s/n (15145) A Laracha (A Coruña)
 TLF:981 605 001 / 981 605 051
 Fax: 981 606 331

Santaballa



CONVENIO DE COOPERACIÓN A SUBSCRIBIR ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E O CONCELLO DE A LARACHA (A CORUÑA) PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE FUTBOL E VESTIARIOS EN CAIÖN.

En Santiago de Compostela, a

REUNIDOS:

O Sr. José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte, en uso das competencias atribuídas polo Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e en exercicio das competencias desconcentradas nos Secretarios Xerais dependentes da Presidencia en virtude da Disposición Adicional Segunda do referido decreto.

O Sr. José Manuel López Varela, Alcalde do Concello de A Laracha, ao abeiro do disposto no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, e expresamente facultado para este acto en virtude do acordo plenario adoptado para o efecto.

Actuando ambos coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do Deporte.



O Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte, como órgano superior da administración, as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes, e as relativas á colaboración coas administracións locais na promoción e difusión da cultura física e o deporte, e prevé a posibilidade da utilización, para o logro das funcións, de convenios interadministrativos.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que os concellos exercerán, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas seguintes materias: actividades ou instalacións deportivas (art. 25. 2.m).

No marco da Lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que os concellos exercerán, entre outras, competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas (art. 80.2.h), e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (art. 198).

A Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte de Galicia, contempla no seu artigo 9 a posibilidade de colaboración da administración deportiva autonómica coas administracións locais.

II. As administracións públicas sinatarias deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que existe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. É de interese da Secretaría Xeral da Xunta de Galicia, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.

Fundamenta este convenio a finalidade de atender as necesidades que en materia deportiva presenta a infraestrutura do Concello de A Laracha e satisfacer as demandas dos seus cidadáns.

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada polo alto nivel de poboación do concello de A Laracha e a importancia estratéxica deste concello para a promoción do deporte en toda a comarca que comprende, sendo unha actuación imprescindible para poder mellorar a actividade deportiva dos habitantes do concello e do seu contorno.



Por todo o anterior, a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de A Laracha subscriben este convenio, que se suxeitará ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de A Laracha (A Coruña) para a construción do Campo de Fútbol e Vestiarios en Caión, segundo proxecto técnico redactado por encargo do concello polo estudio de arquitectura "Naos 04 arquitectos S.L.P."

Segunda: INVESTIMENTO PROGRAMADO

O investimento ao que se refire este convenio fíxase en UN MILLÓN CORENTA E NOVE MIL OITOCENTOS VINTE EUROS CON SESENTA E SETE CENTIMOS (1.049.820,67 €), importe que inclúe a dirección de obra e de control do seguimento do estudo de seguridade e hixiene (no seu caso) e o presuposto de execución por contrata da obra.

Terceira.- TERREOS

O Concello de A Laracha (A Coruña), para a execución da obra mencionada, comprométese a poñer á disposición da Secretaría Xeral para o Deporte os terreos precisos para a instalación deportiva que se pretende construír

Os terreos, que deberán ser de titularidade municipal, atoparanse libres de cargas, ser aptos urbanísticamente para a execución da obra pretendida e estar urbanizados.

Entenderanse urbanizados aqueles que se atopan dotados ao pé de parcela da subministración de enerxía eléctrica, abastecemento de auga, rede de saneamento e acceso rodado

Os extremos anteriores serán acreditados polo concello respectivo, mediante as oportunas certificacións, expedidas polos servizos administrativos correspondentes.



Cando os terreos que se poñan a disposición da administración contratante non se atopan urbanizados, o concello deberá comprometerse á súa urbanización simultánea coa execución das obras obxecto do presente convenio e ao seu exclusivo cargo (urbanización, entronque ás redes de abastecemento de auga potable e residuais, subministración de enerxía eléctrica e colocación de transformador se fose preciso)

Co obxecto de garantir a idoneidade dos terreos onde se pretenda a implantación dunha obra nova, o concello titular dos mesmos deberá aportar simultaneamente co acordo de posta a disposición un estudo xeotécnico e de viabilidade da parcela ofertada coa extensión que demande as características de obra programada. Nel farase necesariamente referencia á posible existencia de tendidos eléctricos, telefónicos ou doutra índole que puidesen sobrevoar os terreos e as conducións subterráneas que puidesen existir.

O estudo xeotécnico e de viabilidade deberá ser confeccionado por unha empresa homologada para a realización de tales traballos.

No suposto de que, adxudicadas as obras que se pretenden executar no marco do presente convenio, estas non poidan ser iniciadas por inadecuación dos terreos postos a disposición da Secretaría Xeral para o Deporte, os prexuízos que tal circunstancia puidera xerar á sociedade adxudicataria serán indemnizados polo concello.

Caso que a administración contratante se vexa obrigada a facer fronte ao pago de indemnizacións por tal motivo e concepto, procederá a repercutir ao concello os importes aboados.

Cuarta.- FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS.

A Secretaría Xeral para o Deporte para posibilitar a execución das obras ás que se refire a cláusula primeira deste convenio, encomendará a súa contratación á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia S.A.), no marco do Convenio e plan económico-financeiro global para o ano 2010 comprometendo para tal fin un importe ESTIMADO de UN MILLÓN CORENTA E NOVE MIL OITOCENTOS VINTE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (1.049.820,67 €).

O anterior non xera obriga orzamentaria algunha no presuposto de gastos da Secretaría Xeral para o deporte, fora das que naceron do Convenio suscrito por esta coa SPI Galicia S.A. polas que a Secretaría Xeral para o Deporte achegará ao SPI a cantidade total de CINCO MILLÓN SETECENTOS ONCE MIL CEN EUROS (5.711.100,00 €) con cargo á súa aplicación orzamentaria 04.60.441A.622.9 e as anualidades comprendidas dende 2013 ata 2016.



En concreto, para a realización das obras de construción dun campo de fútbol e vestiarios en Caión (A Laracha), as cantidades ESTIMADAS que se achegarán por parte do SPI Galicia S.A para a o financiamento, serán:

Anualidade 2011:	549.820,67 €
Anualidade 2012:	500.000,00 €
Total:	1.049.820,67 €

Quinta.- INADECUACIÓN DOS TERREOS

No suposto de que, adxudicadas as obras que se pretenden executar no marco do presente convenio, estas non poidan ser iniciadas por inadecuación dos terreos postos a disposición da Secretaría Xeral para o Deporte, o prexuízos que tal circunstancia puidera xerar á sociedade adxudicataria serán indemnizados polo concello.

Caso que a administración contratante se vexa obrigada a facer fronte ao pago de indemnización por tal motivo e concepto, procederá a repercutir ao concello os importes aboados

Sexta.- LICENCIAS MUNICIPAIS

Será responsabilidade do concello de A Laracha, a obtención das autorizacións previas e a expedición da licenza municipal para as obras pretendidas.

O custo que puidera ocasionar tal expedición será a cargo do concello de A Laracha.

Sétima.- XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS.

A xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva a construír, será responsabilidade exclusiva do concello de A Laracha, sendo de conta de este a totalidade dos gastos que as mesmas xeren.

A asunción de tal responsabilidade producirase dende o día seguinte ao de realización da acta de recepción das obras, logo da oportuna comunicación da Secretaría Xeral para o Deporte. Esta circunstancia non obviará a responsabilidade de que á sociedade adxudicataria lle corresponda a policía e conservación das obras ata a conclusión do período de garantía anual das mesmas.



O concello garantirá o uso gratuito da instalación cando a mesma se precise para posibilitar a celebración de competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Oitava.- PUBLICIDADE DAS OBRAS

No exterior da instalación ou do recinto, o concello de A Laracha fixará un cartel informativo da natureza das obras obxecto de execución, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento.

O tratamento tipográfico identificativo de ambas as entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

Novena.- REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas da Xunta de Galicia, o concello consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos á subvención obxecto deste convenio nos rexistros públicos citados creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro.

Décima.- VIXENCIA DO CONVENIO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

O presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2012, salvo previa denuncia de calquera das partes

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.

Undécima: COMISIÓN DE SEGUIMENTO E INTERPRETACIÓN

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

- Dous representantes da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia
- Dous representantes do concello de A Laracha.



Decimo cuarta.- LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Para a confección e tramitación do presente convenio, téñense observado as prescricións sinaladas na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG do 30 de abril de 1991) e no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, polo que se regulan determinadas condicións de execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público (DOG do 17 de agosto de 1992)

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asíñase este convenio de cooperación en triplicado exemplar no lugar e data indicados.

O Secretario Xeral para o Deporte

O Alcalde do Concello de A Laracha

José Ramón Lete Lasa

José Manuel López Varela